

# GALICIA

✉ info@diariodepontevedra.com

**MIGUEL Á. SANTALICES VIEIRA** PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

► O ourensán Miguel Ángel Santalices será por catro anos máis presidente do Parlamento, posto dende o que defende o diálogo e o consenso, que considera máis necesarios que nunca. Esta, di, debe ser a lexislatura das persoas e deputados e Goberno deben centrarse nelas.

## «Galicia sempre firma co galeguismo harmónico, onde todos estamos integrados»

POR: ENRIQUE MARTÍNEZ  
FOTO: JOSÉ PAZ

**Como é o seu balance da lexislatura?**

Eu entrei substituindo a Pilar Rojo en xaneiro de 2016. Tivemos unha tarefa lexislativa importante, debatéronse cuestións de gran transcendencia. A lexislatura estivo marcada pola escisión do grupo parlamentario En Marea, provocando que algúns deputados pasen ao grupo mixto. En canto ao traballo realizado, penso que se acadaron uns niveis de consenso razoables. Foi unha lexislatura caracterizada polo diálogo, sen momentos de tensión grande.

**Vostede remarca sempre a importancia do consenso.**


E agora aínda máis, porque estou convencido de que esta será a lexislatura das persoas. Haberá temas para os que nos poñeremos facilmente de acordo e outros para os que deberemos estar á altura da confianza depositada pola xente. **É o máis veterano da Cámara. Pode significar isto un factor determinante?**

Eu entrei no 97, esta é xa a miña sétima lexislatura. Ninguén coñece o Parlamento coma min, e este longo percorrido dame unha visión integral e a posibilidade de comparar etapas antigas e actuais. Sei en que momentos reconducir o debate en favor da harmonía parlamentaria, posta á disposición do cidadán.

**Que imaxe teñen os galegos do Parlamento de Galicia?**

Nos últimos tempos levamos a cabo unha política de portas abertas no Parlamento co obxectivo de que sexa máis coñecido, e creo que o estamos conseguindo. Visítannos moitos colexios, e chegan 30.000 nenos ao ano. Polo orden no que o pidan, pagámoslles a viaxe para que coñezan o Parlamento e o Goberno, as dúas institucións. E eses nenos falan despois e cóntanlle aos seus avós. Isto fíxonos máis coñecidos, o cal é importante porque quen lexisla ten un impacto directo na cidadanía.

**Onde deben estar o Parlamento Galego e a clase política nestes**



Miguel Ángel Santalices, presidente do Parlamento.

**momentos?**

Coas persoas. Temos que volcarnos en axudar á xente que o está pasando mal. O sufrimento é grande e pode ser aínda maior.

**Como valora a situación da sanidade galega?**

En Galicia a sanidade mellorou moito. Eu vivín a situación antes e despois da transferencia sanitaria ás comunidades, e o cambio foi extraordinario: construíronse hospitais, creáronse unidades específicas que non tiñamos... Recordo que os galegos tiñan que ir a Santander para operarse o corazón, porque non había nin-

gunha unidade para a cirurxía cardíaca en Galicia. Agora hai tres. No que respecta ao covid, Galicia foi un exemplo, separando os servizos de urxencias entre patoloxías con síntomas compatibles coa covid e non compatibles. Temos que ser precavidos, para que os contagiados non medren exponencialmente.

**Cal é o futuro de Galicia?**

Ser unha comunidade onde a xente convive de xeito harmónico, cousa que non pasa noutras comunidades. Caracterizámonos pola tranquilidade coa que vive a xente, e traballamos con políticas

culturais que son ben entendidas pola xente e non provocan tensións. Oxalá o futuro sexa manter a tranquilidade nun sendeiro de progreso. Nós falamos a nosa lingua sen ningún problema e respectámola e querémola. Desexamos ademais traballar na conservación do noso entorno.

**Cre que os galegos premiaron ao galeguismo, cos bos resultados de PP e BNG e a exclusión de VOX, e que saíu reforzado o sector máis galeguista do PP?**

Eu creo que Galicia sempre firma co galeguismo sen tensións, harmónico, onde todos estamos integrados, orgullosos da nosa lingua e cultura. A xente valora moito que as nosas propostas non descoiden o sentimento galeguista. Alégrome porque son un galeguista convencido. E é moi oportuno seguir esta liña de traballo, onde a xente se sente cómoda.

**Como valora os derradeiros resultados electorais, onde o Partido Popular acadou a maioría absoluta?**

Foron moi bos. A cidadanía valora moito as propostas argumentadas. O pobo galego ten a capacidade de discernir cal é

«A pasada foi unha lexislatura marcada pola escisión do grupo de En Marea. E caracterizada polo diálogo»

«Prefiro quedarme coa imaxe de Juan Carlos I cando nos salvou do golpe de Estado, que con cousas menos agradables»

a mellor elección.

**É un dos temas da actualidade. Que opinión ten sobre a saída de España do rei emérito?**

Ese non é o Juan Carlos I co que quero quedarme. Recordo perfectamente o golpe de Estado do 81. Estaba co meu pai nun bar en Bande, e tamén case a metade do pobo concentrado nel. E recordo a imaxe do rei e a tranquilidade que me transmitira. O meu pai era boticario en Bande e moita xente xa preguntaba se podería vir á nosa casa, que estaba na fronteira, para desde ela fuxir a Portugal. E entón o rei transmitiu a tranquilidade que nese momento ningún tiña. Prefiro quedarme coa imaxe, co momento no que salvou o golpe de Estado, que con cousas menos agradables.



Ana Pontón. PEPE FERRÍN

## Ana Pontón seguirá como portavoz do BNG no Parlamento neste lexislatura

EUROPA PRESS

SANTIAGO. A líder dos nacionalistas galegos, Ana Pontón, seguirá como portavoz do BNG no Parlamento de Galicia, onde a súa formación contará cun grupo cunha distribución «máis individualizada e personalizada» por áreas e territorios despois de triplicar a súa representación nas pasadas eleccións autonómicas.

En concreto, nos comicios do 12 de xullo, o Bloque pasou de seis a 19 escanos e converteuse na segunda forza da Cámara galega, con 13 caras novas que lle permiten facer unha distribución do traballo parlamentario, profundizando «moito máis nos temas», tal e como sinalaron a Europa Press fontes da formación.

Despois da constitución do Parlamento o pasado venres, o Bloque xa ten organizado ao seu grupo, no que hai unha repartición sectorial das áreas vinculadas ao perfil profesional de cada parlamentario co obxectivo de «gañar profundidade e coñecemento» nos temas que se abordarán.

Deste xeito, Ana Pontón, que compaxinará a portavocía nacional e a parlamentaria, centrarse nas sesións de control ao presidente da Xunta e nos grandes debates que acolla o Lexislativo galego. Un traballo que acompañará dunha «gran presenza no territorio» tendo en conta que o aumento de deputados permite aos nacionalistas realizar unha maior distribución dos labores parlamentarios.

Precisamente, a líder do Bloque avanzou despois da sesión de constitución da Cámara que esta debe ser a lexislatura dos «grandes acordos a favor de Galicia».